

## ARQUEOLOXIA E MONUMENTALIDADE

FELIPE ARIAS VILAS

### ARQUEOLOXIA GALEGA E INVESTIGACION

O Patrimonio arqueolóxico de Galicia é extraordinariamente rico e variado, e constitúe unha parte fundamental do seu patrimonio cultural xunto con outros grandes conxuntos como poideran ser os do Románico, o Barroco ou o acervo etnográfico.

Pero así como a importancia do románico ou do Barroco galegos se ten posto de releve sempre e en toda clase de medios de información e/ou de divulgación, a riqueza arqueolóxica é só medianamente coñecida (agás casos concretos dalgún xacemento monumental), e este aserto faríase extensible a todo tipo de público e nivel social e cultural. As razóns deste esquencemento son moi diversas e van desde o oscurantismo político-cultural dalgunhas etapas históricas, sobre todo para con aquilo que supuña a diferenza dunha identidade cultural, ate a incuria e deixadez en canto á súa conservación e defensa, pasando pola falta de difusión dos estudos realizados sobre temas de Arqueoloxía galega.

En relación con este tema, hai que sinalar tamén que, polo menos desde as últimas décadas do s. XIX e, en xeral, ate hai moi pouco tempo, produciuse unha sobrevaloración dun só compoñente histórico-arqueolóxico do pasado antigo galego: o elemento céltico. A importancia dada ó mundo dos castros en tódolos seus aspectos, en canto éstos tiñan caracteres célticos, é algo que, xurdido das correntes románticas europeas, vai marca-la investigación e polo tanto o coñecemento de toda a Arqueoloxía galega, sobre todo tendo en conta que a recuperación e asimilación dese pasado xogaríu un papel fundamental na formación e asunción dos principios do nacionalismo galego. Esta circunstancia repercutiu desfavorablemente no coñecemento doutros períodos como o mundo galaico-romano ou o do Paleolítico, e quizais en menor proporción noutros como o megalítico, sempre coas consabidas excepcións, nalgúns casos moi meritorias.

Será a partires dos anos sesenta cando a investigación toma outros vieiros nos que vai ser importante a análise conxunta da evolución e a consideración das distintas etapas históricas do noso pasado antigo. Isto fará que os xacementos "abertos" aumenten e se coñezan novos aspectos e se plantexen tamén novos problemas; pero este avence científico terá moi pouco ou ningún reflexo na conservación do mesmo

patrimonio arqueolóxico así como na súa difusión e cumprimento do seu papel formativo e socio-cultural.

Actualmente, a investigación arqueolóxica en Galicia tende a estar centrada na revisión de cada etapa histórica e, dentro desta, dalgúns aspectos ou problemas concretos como poideran ser, e citamos só algúns, o estudio das masas tumulares das mámoas, a búsqueda dos asentamentos de hábitat precastrexo (megalítico e da idade do Bronce), a análise dos elementos concurrentes na plástica castrexa, ou o desmiuzamento do que quere indicar, en tódolos sentidos, o concepto de “romanización” no Noroeste hispánico.

O lado desta revisión de problemas, acométese unha laboura de catalogación de xacementos e de inventario e estudio de materiais en Museos e coleccións públicas e privadas. A este respecto hai que ter moi en conta que pode ser moi conveniente non excavar nin abrir novos xacementos, excepto casos de urxencia declarada que sempre serán prioritarios, isto é, non amorear mais restos e mais material arqueolóxico en tanto non existan unhas condicións e garantías certas de conservación do excavado e asoellado, uns medios adecuados (incluíndo os económicos por suposto), para o estudio das estruturas e achados producidos e, en fin, uns programas de aproveitamento tanto científico como, en xeral, cultural (de difusión, información e formación), que hoxe non son precisamente abundantes. O progreso da Arqueoloxía galega en tódolos seus aspectos pasa, pois, pola revisión científica e o replanteamento da Arqueoloxía como ciencia social que, como tal, debe cumprir uns fins culturais e sociais determinados dentro da sociedade e do país en que se enmarca, pero sen perder nin unha migalla de científicidade e de profesionalidade.

## ARQUEOLOXIA MONUMENTAL: O XACEMENTO-MONUMENTO

Esa función cultural, e polo tanto social, que debe cumpri-la Arqueoloxía e que, en certos contextos históricos, pode e ten que ser primordial, pode acrecerse coa potenciación dos aspectos mais “monumentais” dos xacementos arqueolóxicos. Deixando aparte, pero non de lado, o problema dos Museo Monográficos ou de sitio, que poden e de feito coaduxvan nesta tarefa, é obvio que o que é mais visible, o que destaca, o que chama a atención de leigos e eruditos, é o que vimos chamando convencionalmente “monumento”, co apelido de histórico-artístico ou, menos veces, arqueolóxico, hoxe denominado “ben cultural” segundo a nova Lei do Patrimonio histórico español.

Non entramos aquí na problemática que plantexa a palabra e o concepto de Monumento, ou Ben Cultural, pero quizais si conveña recordar que non só á monumental, histórica e arqueolóxicamente falando, aquilo que está declarado oficialmente como tal, senón aquelas partes ou conxuntos do Patrimonio cultural que, obxetivamente e desde un punto de vista histórico e artístico (sen prexuízos estéticos e academicistas) o mereza. Non poucas veces se esquece esta non distinción á hora da protección real por parte de organismos e entidades, cando a lexislación, a vella e a hoxe vixente, semella ser clara a este respecto.

Esta maior utilidade cultural e social do monumento, en canto que é mais “espectacular” e comprendido por mais deiverso público, pode ter incluso outro aspecto a considerar, o turístico, pero cunha advertencia fundamental: a rentabilidade do Patrimonio arqueolóxico ou artístico debe ser sempre e por riba de todo cultural, e

non medirse en términos económicos ou comerciais; primar exclusiva ou preferencialmente estes últimos ten motivado e aínda motiva e “xustifica” verdadeiras desfeitas e ruínas cometidas con aquel Patrimonio.

Os xacementos arqueolóxicos son, ás veces, e é obvia toda explicación, auténticos monumentos, pensemos, dentro da Península Ibérica, en exemplos como Termantia, Ampurias, Ullastret, Itálica, Mérida, Coaña, Segóbriga, ou Briteiros, Conimbriga, etc. En Galicia, quizais para algúns con menos espectacularidade, pero con maior importancia no papel de formación cultural dunha sociedade e un país con identidade propia, atoparemos exemplos semellantes.

Pero a relación ou identificación xacemento-monumento plantexa varios problemas non sempre de doada resolución. En primeiro lugar, o do estudo do mesmo xacemento, que debe ser compatible coa súa función “monumental”; é dicir, en xeral, ningún xacemento é un caso cerrado nin en canto ás súas estruturas nin moito menos en canto ós seus materiais. Ademais, a investigación debe ir marcando a pauta, e incluso ás veces cambiándoos, ós aspectos informativos, de difusión e de divulgación dun pasado histórico que se pretende asumir; a forma en que se desenvolverá esta función cultural e comunicativa será diversa segundo o contexto da zona, os medios existentes e o mesmo público ó que, con preferencia, vai dirixida.

Hai que engadir a isto o grave problema da protección e conservación do xacemento, ou os distintos criterios adoptados en casos de consolidación ou restauración, termos xa diferentes e problemáticos e que, en todo caso, deben deixar ben claro e documentado o que é orixinal, o que está recomposto e o que está restaurado e/ou añadido.

Mentres falten aquelas garantías de protección e conservación, os xacementos, en concreto os galegos, non poderán ser nunca monumentos no sentido antes exposto, coa responsabilidade que isto conleva á hora da formación cultural dunha comunidade e, polo tanto, do respecto desta polo seu Patrimonio.

E aínda sen esgota-los problemas, pñese tamén no da dependencia administrativa: cando dependían do Estado, aínda dentro deste, o mesmo concepto que vimos utilizando de xacemento-monumento podía levar á dúbida de se era competencia dunha ou doutra Subdirección Xeral, con desaxustes burocráticos e financeiros máis frecuentes do que se podía pensar. Hoxe, as competencias sobre o tema pertencen á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Artístico, a denominación xa ten o seu aquí), pero a distinción, os mesmos niveis administrativo e presupuestario, semella seguér existindo.

Un tema similar, pero con caracteres e consecuencias distintas, sería o da propiedade, no que a diversificación é total: entidades públicas ou privadas, particulares, Estado (varios ministerios), Igrexa, etc.

## XACEMENTOS ARQUEOLOXICOS MONUMENTAIS EN GALICIA

Esbozados así algúns aspectos do que estamos chamando, quizais sen demasiado tino, xacementos-monumentos, a relación, desde logo non exhaustiva, dalgúns exemplos concretos enclavados en Galicia pode dar una idea do que é noso punto de referencia; exemplo que abranguen case tódalas etapas da Prehistoria e da Historia Antiga galegas, salvo unas excepcións que previamente advertimos: o Paleolítico galego non pode ofrecer aínda xacementos conservados que sexan enentendibles para o

gran público e teñan posibilidades de “explotación” cultural, en todo caso sempre serían, polo seu propio carácter, menos “monumentales”. O período neolítico en Galicia está por ver en canto á súa definición e estruturas habitacionais, aparte dos si abundantes exemplos de materiais, (v. gr. machados) de tipoloxía orixinariamente neolítica, pero que chega no seu uso ate época protohistórica e case plenamente histórica.

A cultura megalítica, que xurde no Neolítico pero que dura ate coñece-la cultura do Vaso campaniforme, ofrece en Galicia numerosísimas mostras e variantes. Pensemos na utilidade social e cultural, ademais da científica xa claramente definida, que poden te-los abundantes campos de mámoas e medorras, incluso sen excavar e canto mais cando algúns destes túmulos teñen sido excavados e proporcionaron cámaras megalíticas como as da Roza das Modias (Vilalba) ou a excepcional necrópole de Oirós (As Cruces), as dúas con grabados nos seus esteos, que son un bon exemplo daquelas.

Outros megalitos característicos, as antas ou dólmenes, xa teñen sido considerados sempre mais monumentos que xacementos, a nivel xeral do gran público enténdase, e a soa cita dos de Dombate (Cabana), Axeitos (Ribeira), Cabaleiros (Ordes), Parxubeira (Mazaricos), Chan de Arquíña (Vilaboa), Argalo (Noia), etc., conducirán a unha destas singulares mostras da arquitectura funeraria de hai 5.000 anos.

A Idade do Bronce do N.O. plantexa un dos grandes problemas da Prehistoria galega: non coñecemos, ou moi pouco, os seus lugares de hábitat, non temos, xa que logo, xacementos como tales desde o punto de vista no que estamos falando; en cambio existen materiais do Bronce Inicial, Medio e sobre todo Final, moitas veces formando depósitos ou acobillos. Hoxendía, a ciencia arqueolóxica galega replantéxase a cuestión do comenzo do hábitat nos castros por se, tamén nestes, houbéramos de busca-lo asentamento dos homes dos primeiros séculos do 1.<sup>º</sup> milenio antes de Cristo.

Sen embargo, a maioría dos petroglifos ou gravuras rupestres galegas véñense datando nesta Idade do Bronce, e aquí si que estamos perante algo visible, “parlante”: escenas de cérvidos, de equitación, armas, círculos concéntricos e labirintos e outros motivos, especialmente abundantes e variados na banda Oeste de Galicia e centrados sobre todo na provincia de Pontevedra, sobre rochas graníticas, plantexan cuestións de lectura e interpretación por un lado, e graves problemas de protección e conservación polo outro. Non cabe dúbida que a arte rupestre galega, singularmente importante, ten unhas posibilidades culturais enormes.

A cultura dos castros da Idade do Ferro, que abrangue aproximadamente desde o s. VI o cambio de Era, ofrece exemplos de xacementos-monumentos onde escolleremos, xa que o número e variedade de asentamentos é unha das características principais desta etapa histórica. Para cumprir un papel cultural formativo pódese recurrir á potenciación de castros mais ou menos excavados e/ou mais ou menos grandes, sen que nada disto queira dicir os mellor conservados, como xa temos sinalado mais arriba.

Na provincia de Lugo, temos exemplos dos tres tipos de castros mais correntes: o costeiro (en Fazouro —Foz—, moi esnaquizado e ocupado en parte por edificacións modernas), o de montaña (en Vilar —O Courel—, non de fácil acceso, pero quizais por iso, relativamente ben conservado), e o castro tipo de interior no N.O. (en Vila-donga —Castro de Rei—, excavado en gran parte e un dos mais monumentais e

interesantes en tódolos aspectos, complementado cun Museo Monográfico). Os tres, pero sobre todo os dous últimos, deben incluírse tamén no grupo de xacementos galaico-romanos.

En Ourense, dos castros excavados polos homes da Xeneración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, como San Cibrán de Las, Cameixa, S. Millán e outros, só o primeiro está visible e utilizable a niveis culturais moi xerais. En troques, a continuidade de excavacións no Castromao (Celanova) e no mesmo San Cibrán de Las (San Amaro), pode levar á súa potenciación como xacemento-monumento, pero para iso debe continuarse un plan concienzudo, xa iniciado, de conservación, defensa e mesmo consolidación e restauración do que, sobre todo Castromao, está moi necesitado.

A provincia da Coruña ofrece exemplos entre os que se poden destacar os castros costeiros de O Neixón (Boiro) e Baroña (Porto do Son), ámbolos dous excavados, pero o primeiro hoxe case abandonado e o segundo que nalgún momento chegou a servir de pista de probas para moto-cross (!), aínda que actualmente, xa consolidado e mais excavado, é un enclave fundamental da Arqueoloxía castrexa galega, sobre todo desde o enfoque que agora escollimos.

Cerca da orla costeira, pero con tipoloxía de castro de interior, hai que cita-los casos de Borneiro (Cabana) ou Elviña (A Coruña), aquel con excavacións proseguidas nos últimos anos e relativamente ben protexido e conservado, e este aínda cun poste de alta tensión sobre a súa croa, (pesía ás sentencias xudiciais contrarias), que impide traballos arqueolóxicos ó seu pé, ademais doutros problemas de protección e incluso de propiedade.

En Pontevedra hai que ter en conta, en primeiro lugar, a coñecida citania ou castro de Santa Trega (A Guarda), —a distinción citania— castro en Galicia débese mais ben ó uso lingüístico que se adoite, pois citania é un termo portugués, ou ás veces, ás maiores ou menores dimensións do xacemento e o seu carácter—; foi sempre un enclave monumental, nunha situación legal, en canto á súa propiedade, non moi desexable e sometido algunhas veces a desfeitas, guiadas en xeral pola man do home: apertura de pistas ou camiños a través da citania, repoboación forestal indiscriminada en varias zonas do poboado, etc. É outro xacemento que agarda con urxencia unhas solucións propias da súa importancia científica e cultural.

Outro caso podería se-lo da Lanzada (Sanxenxo), con varias etapas habitacionais, desde o s. III a. C. ate o IV-V d. C. polo menos, situado nunha zona turística moi transitada, coas vantaxes que isto ten para a súa difusión pero cos inconvenientes que leva tamén de seu ó estar exposto a desfeitas e expolios contínuos se non existe unha protección e vixilancia adecuada.

Caso semellante, pero que de momento corre mellor sorte é o da necrópole de Adro Vello, no Grove.

Hai que engadir outros exemplos como os recién acondicionados castros de Vigo e de Troña (Pontearreas), ou casos como A Peneda do Viso (Redondela) ou o Facho de Donón (Cangas), que non teñen á vista restos importantes de habitación, pero que polo seu enclave natural e a súa topografía, entran sen dúbida neste relatorio informal.

Se pasamos á época galaico-romana, ademais de moitos asentamentos castrexos xa-citados e aínda outros, nos que a continuidade de hábitat está comprobada arqueolóxicamente, debida ó proceso particular de “romanización” que se opera no Noroeste hispánico, hai que mencionar, só de pasada por seren ben coñecidos, exemplos de obras públicas como a Ponte Bibeí (Ourense), as murallas de Lugo, a Torre de

Hércules coruñesa (co seu refeitío modernos), ou as termas de Lugo, problemáticas na súa conservación e no seu coñecemento e divulgación. Outro asentamento de tipo urbano ou semi-urbano, importante pero que está parte do ano anegado por un encoro moderno, é o de Aquis Querquernis (Bande), e asimesmo hai que cita-lo interesante campamento romano de Cidadela (*Sobrado dos Monxes*).

E en fin, as cada vez mais abundantes vilas tardorromanas (A Lanzada, Rodeiro, Cirro, Currás, Castillós, Vilar da Graña, etc.) ofrecen un interés só directamente científico, por canto a súa explotación cultural, divulgativa, estará a reservas de futuras excavacións que exhumen mais e mais importantes restos cos achados e conservados ate agora.

O senlleiro caso de Lucus Augusti é paradigmático do que podía ser un xacemento arqueolóxico urbano e monumental ó mesmo tempo, *protexido e integrado na cidade* actual, pero que por causas de todos coñecidas, resultou unha desfeita grave e penosa, pois, por mor duns aparcamentos e da especulación do solo, foi e está sendo excavado para, de seguido, ser levantado e arrumbado, cunhas sinxelas pingas de recordo nalgún murete ou referencia aillada alí onde debía existir un xardín ou un solar arqueolóxico de disfrute comunitario como hai noutras cidades con historia.

Outra cuestión aparte é tamén o monumento tardorromano e prerrománico de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), con problemas de conservación que poderían influir directamente sobre o uso que de monumento visitable teña no futuro.

Por último, a Arqueoloxía medieval galega, hoxe incipiente pero con grandes posibilidades de rendemento científico e cultural, tamén pode estar representada por toda a serie de capelas e igrexas prerrománicas, en xeral xa citadas nos inventarios e itinerarios en uso. Quizais non estea de mais engadi-la posible utilización, neste sentido de xacemento con función culturais directas, das abundantes necrópoles de sartegos antropoides excavados na rocha ou exentos, de cronoloxía mormente altomedieval, tan numerosas sobre todo nas áreas graníticas do país, e onde se debe respetar sempre que sexa posible, a súa ubicación "in situ" e a función relixioso-espiritual que desde o punto de vista antropológico, ten tanto interés e é igualmente protexible como Patrimonio cultural etnográfico.

## A XEITO DE CONCLUSION

Resulta evidente que a defensa, o estudo, a conservación e a difusión do Patrimonio cultural, e concretamente o arqueolóxico, de Galicia, é fundamental para que o país se desenrole (e non só creza) axeitadamente e sen alienacións, e para que a sociedade galega encontre e recupere a súa propia identidade, asumindo o seu pasado para poder entende-lo seu presente, e traxer con eficacia os rasgos do seu futuro. Neste sentido, *parécenos importante o uso de xacementos arqueolóxicos como monumentos en canto que estes deben proporcionar unha información a toda clase de público, e deben formar unha conciencia do que é especificamente noso, co convencimento de que isto favorecerá decisivamente o labor, por outro lado legalmente obrigado, de defensa e conservación dese mesmo Patrimonio; non podemos pretender que o común da xente defenda e protexa, e asuma como propio, aquilo que non coñece ou que cré que non ten nada que ver con ela mesma e coa súa personalidade colectiva común. O futuro dirá se os poderes públicos, en calquera instancia, teñen asumido agora esa tarefa fundamental ou se seguen crendo que isto da cultura e da Arqueoloxía é somente cousa duns poucos tolos.*



**Gravuras rupestres, en Antas de Ulla**



**Medorra con cámara megalítica, en Begonte**



**Castro ou citania de Vilar, no Courel**



**Hipocausto da vila romana de Castillós, en Pantón**